

# I Concurso de Tweets contra os Estereotipos de Xénero

## BASES CONCURSO

Os estereotipos de xénero son crenzas fortemente arraigadas na sociedade acerca de como son e deben ser homes e mulleres. A pesares de non ter xustificación racional, determinan a vida e o comportamento de tódalas persoas en función do seu sexo. Os estereotipos de xénero son os responsables de que as persoas fagamos suposicións acerca de como debe ser unha persoa polas súas características como homes ou mulleres. Transmítense dende que nacemos, moitas veces de forma sutil (por exemplo, a cor azul é de nenos e a cor rosa é de nenas).

O Centro de Información á muller do Concello de Riveira quere demostrar que a xente nova pode darlle a volta a estas ideas preconcebidas. De aí que con este concurso vos convidemos a que compartades novas formas de identificar comportamentos e actitudes das persoas independentemente do xénero.

### Primeira: Obxecto.

Premiar aqueles tweets que mellor rachen cos estereotipos de xénero, como medio de concienciación e sensibilización á poboación nova.

### Segunda: Participantes.

Poderá participar calquera persoa entre os 14 e os 18 anos do Concello de Riveira.

Establécese unha soa categoría e só se poderá participar cun máximo de 3 tweets por persoa.

### Terceira: Requisitos formais.

Os tweets poderán conter frases, diálogos, micro relatos ou calquera outra forma de expresión artística concretada en 140 caracteres máximo, que potencien a sensibilización contra os estereotipos de xénero e expresen o rexeitamento a esta forma de perpetuar a desigualdade entre homes e mulleres. Valorárase a orixinalidade, o estilo, a creatividade, a redacción e o impacto da mensaxe.

Para optar ao premio, os tweets deberán mencionar ao CIM citando o perfil @CimRiveira e o hashtag #RachaEstereotipos.

Ademais para formalizar a participación no concurso e verificar a autoría, cada participante deberá enviar un correo electrónico á dirección: [igualdade@riveira.com](mailto:igualdade@riveira.com) cos seguintes datos:

- Nome e Apelidos
- DNI
- Número de teléfono
- Tweet ou tweets presentados para o concurso
- Nome do perfil do twitter

### Cuarta: Prazo

Serán admitidos a concurso os tweets que cumpran os requisitos indicados na base terceira, e que teñan sido publicados no noso twitter entre o 7 de maio e o 5 de xuño de 2019 ás 14.00hs.

## Quinto: Premios

Establécese unha soa categoría cos seguintes premios:

- Primeiro premio: Unha tableta e un diploma conmemorativo.
- Segundo premio: Un altofalante e un diploma conmemorativo.

Resultará incompatible a obtención de máis dun premio por participante.

## Sexto: Xurado

O concurso contará dunha etapa de preselección levada a cabo polo persoal especializado do CIM, que escollerá un 20% dos tweets participantes para sometelos a votación no acto final do concurso. Na preselección só pasarán á final aqueles tweets que efectivamente rachen cos estereotipos de xénero, deixando en mans do público asistente ao acto final do día 14 de xuño ás 11hs. o tweet gañador.

## Sétima: Autoría e aceptación das bases

As persoas participantes responsabilizaranse da orixinalidade das frases presentadas e da autoría das mesmas, sendo descalificadas as candidaturas que non cumpran este requisito.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases, así como a autorización para a difusión dos traballos e o nome da autoría a través dos medios de comunicación.